



**Concello
DE MESÍA**



**Deputación
DA CORUÑA**

**CONTRATACIÓN DA OBRA “CAMIÑO DE FACHAS Ó CASTRALLÓN (CUMBRAOS) E OUTROS”
OBRA INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE
COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+ 2017”**

1. Entidade adxudicadora: Datos xerais e datos para a obtención da información:

- a) Organismo: Concello de Mesía.
- b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría.
- c) Obtención de documentación e información:
 - 1) Dependencia: Secretaría.
 - 2) Domicilio: Xanceda, s/n.
 - 3) Localidade e código postal: Mesía, 15685.
 - 4) Teléfono: 981 68 70 01.
 - 5) Telefax: 981 68 70 69.
 - 7) Dirección de Internet do perfil do contratante: www.concellodemesia.gal.

2. Obxecto do contrato:

- a) Tipo: obra.
- b) Descrición: execución da obra contida no proxecto “CAMIÑO DE FACHAS Ó CASTRALLÓN (CUMBRAOS) E OUTROS”.
- c) Prazo de execución: 6 meses.

3. Tramitación e procedemento:

- a) Tramitación: urgente.
- b) Procedemento: negociado. Modalidade de consulta: publicación dun anuncio no perfil do contratante.

4. Presuposto base de licitación: 40.402,52 € (IVE excluído), 48.887,05 € (IVE incluído).

5. Garantías esixidas. Definitiva: 5% do importe de adxudicación, IVE excluído

6. Acreditación da solvencia económica financeira e técnico ou profesional:

Os licitadores deberán acreditar a solvencia económica e financeira e técnica:

A) Mediante a acreditación de que está clasificada a empresa no grupo G subgrupo 6 categoría 1.

B) Ou no caso de que a empresa non estea clasificada deberá acreditar a solvencia:

a. Económica e financeira mediante a xustificación do volume anual de negocios. O volume anual de negocios do licitador acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivese inscrito no devandito rexistro e en caso contrario polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

b. E a solvencia técnica mediante a relación das obras do mesmo tipo ou natureza executadas no curso dos dez últimos anos, acompañada de certificados de boa execución.

APRECIACIÓN DA SOLVENCIA:

- Solvencia económica e financeira: Considerarase que o licitador xustificou a súa solvencia económica e financeira se o volume anual de negocios do licitador referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos sexa, polo menos, unha vez e media o valor estimado do contrato cando a súa duración non sexa superior a un ano e, polo menos, unha vez e media o valor anual medio do contrato se a súa duración é superior a un ano.

- Solvencia técnica: Considerarase que o licitador acreditou a súa solvencia técnica cando o importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior ao 70% do valor estimado do contrato, ou da súa anualidade media se esta é inferior ao valor estimado do contrato.

O valor estimado para efectos de cálculo de solvencia é o que se indica na epígrafe 4 do cadro de características (anexo I)

7. Criterios de adxudicación e negociación: os establecidos no anexo V do prego de cláusulas administrativas.

9. Presentación de ofertas :

a) Prazo: 8 días naturais contados dende o día seguinte ao publicación no anuncio de licitación no perfil do contratante do Concello.

b) Lugar de presentación:

- Rexistro Xeral do Concello con domicilio en Xanceda, s/n, Xanceda, 15685 Mesía (A Coruña).

- En oficina de Correos: Comunicación do envío por medio de oficina de correos N° de FAX da entidade contratante 981 68 70 69.

Mesía, 13 de xullo de 2017.

O alcalde,

D. Mariano Iglesias Castro.

